

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 1

- Avoa, nai anterga ensumida na terra,
2 cando mastigo o pan estou bicando
o teu sangue inmortal apodrecido,
4 o froito do teu corpo semeado: a túa saiva
que através dos séculos renasce.
6 ¡Doce esterco da vida! Bebo a auga
do cano dos teus ósos cando bebo.
8 Aniñada nos eidos teces a inconsútil firmeza
do adival que me guía e asegura: Ariadna.
10 É a túa man a que revive o lume,
pomba escura do tempo na lareira.
12 De ti provén a ascua e o fermento do canto,
a sillaría na que me sinto forte, o arco
14 do costelar que afondas, as raíces
minerais que sustentan
16 do xerme do teu colo, a miña vida.

Antón Avilés de Taramancos, 1989.

BLOQUE I

- 1.- Indica cal é o tema do texto e fai unha síntese del. (1 punto)
- 2.- Expón a túa opinión persoal sobre as vantaxes e inconvenientes de que os nenos e nenas se críen en contacto directo cos avós e avoas. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

BLOQUE II

- 3.- Define os fonemas consonánticos que atopas nas seguintes palabras (non é preciso poñer os repetidos): *bebo* (verso 6), *lume* (verso 10), *xerme* (verso 16). (1 punto)
- 4.- Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *séculos* (verso 5), *doce* (verso 6), *aniñada* (verso 8), *pomba* (verso 11), *colo* (verso 16). Non son válidas as definicións só con sinónimos. (1 punto)
- 5.- Analiza sintácticamente a seguinte oración: *Aniñada nos eidos teces a inconsútil firmeza do adival que me guía e asegura*. (1 punto)
- 6.- o galego entre 1900 e 1936. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)
[Os alumnos que aprobaron a materia no ano 2003 ou anteriores deben responder a seguinte pregunta: As linguas no estado español: identificación e legalidade. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)]

BLOQUE III

- 7.- Tendencias da narrativa galega de posguerra. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

2 (...) É un erro grave, e dos máis perxudiciais, inculcar á muller que a súa misión única é a de esposa e nai; equivale a lle dicir que non pode ser nada de seu, e aniquilar nela o seu *eu* moral e intelectual, (...).

4 O primeiro que necesita a muller é afirmar a súa personalidade, independente do seu estado, e persuadirse de que, solteira, casada ou viúva, ten deberes que cumprir, dereitos que reclamar, dignidade
6 que non depende de ninguén, un traballo que realizar, e idea de que é unha cousa seira, grave, a vida, e que se a toma como un xogo, ela será indefectiblemente xoguete. Dádeme unha muller que teña estas
8 condicións, e dareivos unha boa esposa e unha boa nai, que non o será sen elas. Canta falta lle han facer, e ós seus fillos, de quedar viúva. E se permanece solteira, pode ser moi útil, moito, á sociedade, moi
10 necesitada de persoas que contribúan á conservación da especie. A falta de personalidade na muller esteriliza grandes cualidades de milleiros de solteiras ou viúvas; e non é pouco o dano que da súa falta de
12 acción benéfica resulta.

Concepción Arenal (tradución), 1884.

BLOQUE I

1.- Sinala a estrutura do texto. (1 punto)

1.- Expón de xeito crítico a túa opinión sobre as ideas que se expoñen no texto. (Mínimo 20 liñas)
(2 puntos)

BLOQUE II

3.- Fíxate na expresión *de seu* (liña 2). Explica o que significa no texto. Inventa dous exemplos coa expresión *de meu* e outros dous con *de teu*, indicando en todos os casos o seu significado. (1 punto)

4.- *Esposa* (liñas 2 e 8) e *nai* (liñas 2 e 8), pertencen ó mesmo campo semántico. Indica outros 10 termos que pertenzan a este mesmo campo semántico. (1 punto)

5.- Localiza cinco pronomes persoais átonos no texto e sinala a función sintáctica que desempeña cada un deles (1 punto)

6.- Lingua minorizada e lingua minoritaria. Definición, semellanzas e diferenzas. (Mínimo 15 liñas)
(1 punto)

BLOQUE III

7.- A literatura galega do exilio. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 1

2 A xente nova teno cada vez máis difícil á hora de alugar. Os gobernos supostamente lanzando
medidas para incentivalo pero logo, pola contra, o mercado endurecese polo seu propio peso, facendo
vítimas, como en todo este tipo de procesos, aos máis débiles.

4 Resulta paradoxal que queiramos ser europeos e cada vez máis desenvolvidos. No resto de
Europa os mozos independízanse con moitos menos anos, pero os de aquí, como van animarse ou
6 sinxelamente poder sequera consideralo, dadas as duras condicións que os sistemas de alugueiro lles
impoñen?

8 En Madrid, en Barcelona, nas grandes cidades, pero cada vez máis tamén
nas nosas urbes galegas, unha serie de estritos requisitos engorda máis e máis esganando as
10 posibilidades dos máis novos. Piden, xa, máis dunha mensualidade por adiantado, diñeiro que en ningún
caso é recuperable porque por moito esmero que se poña no coidado do apartamento, o tempo pasa igual
12 para arredandador e arrendatario e resultará imposible que pareza máis novo que o primeiro día, sempre
se atopará algo que alegar.

14 Pero piden tamén nóminas, ou parte do salario dun mes a fondo perdido, ou a cota dun mes en
concepto de gastos de contratación. E piden, por último e case no cen por cen dos casos,
16 un aval bancario. Señores/as: do que foxen precisamente os mozos/as cando toman a valente decisión de
construír a súa propia autonomía, é de ter que recorrer sempre a alguén que os avale.

18

Yolanda Castaño, 2006.

BLOQUE I

- 1.- Indica cal é o tema do texto e fai unha síntese del. (1 punto)
- 2.- Expón a túa opinión sobre as ideas que a autora transmite co texto. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

BLOQUE II

- 3.- Define os fonemas consonánticos das palabras *xente* (liña 1) e *vez* (liña 1). (1 punto)
- 4.- Indica un sinónimo e un antónimo do significado que no texto teñen as seguintes palabras: *incentivar* (liña 2), *débiles* (liña 3), *paradoxal* (liña 4), *estritos* (liña 9), *esmero* (liña 11). (1 punto)
- 5.- Indica a función sintáctica que desempeña na súa oración cada un dos catro fragmentos destacados (en negriña e subliñados) no texto. (1 punto)
- 6.- A diversidade plurilingüe e pluricultural de España. Identificación das linguas, territorio que ocupan e marco legal no que se desenvolven. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

BLOQUE III

- 7.- Tendencias da lírica na segunda metade do século XX. Grupos de poetas. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

2 As mulleres son as que na práctica gobernan Galicia e é quizais este matriarcado o que explica o
3 conservadurismo, a industria e a economía que prevalecen no país. Estas mulleres espléndidas traballan
4 arreo dende moi novas ata o día da morte. Cavan, aran e sementan, fan longas camiñadas ao mercado
5 levando pesadas cargas e atopan tempo para tecer, fiar, cocer o pan, criar os fillos e tamén para as
6 múltiples tarefas relacionadas co liño, o millo, as castañas e as videiras. Son normalmente fortes e ben
7 desenvolvidas en contraste cos seus maridos, débiles e choromiqueiros, aos que gobernan e, ao teren
8 control da bolsa dos cartos, lles conceden só unha pequena cantidade para a taberna.

9 Un estranxeiro non ten que estar moito tempo en Galicia para decatarse de que é a terra das
10 viúvas, viúvas de vivos, viúvas de mortos. Por todos os lados se ven mulleres e cativos traballando,
11 sen homes. É tamén, estrañamente, a terra dos superviventes, malia o espírito de progreso que conduce
12 o galego cara a unha europeización, e que non se preocupa de se os vellos costumes se dilúen nunha
13 insípida uniformidade con tal de existiren máis ferrocarrís, coches e outros signos de “civilización”. A
14 emigración por si mesma non é unha necesidade, é unha tradición. Non se debe simplemente ao desexo de
15 evitar o servizo militar, xa que o exiliado non podería voltar e morrería de morriña, nin tampouco á falta
16 de traballo na terra nativa, onde o solo, en compensación polo esforzo, devolve abondosos alimentos.

Aubrey F. G. Bell (tradución), 1922.

BLOQUE I

- 1.- Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. (1 punto)
- 2.- Expón a túa opinión persoal sobre o que se di no primeiro parágrafo do texto. (Mínimo 20 liñas)
(2 puntos)

BLOQUE II

- 3.- A forma *conduce* (liña 10) está en Presente de Indicativo. Conxuga completo o Presente de Indicativo deste verbo e fai o mesmo cos verbos *seguir*, *fuxir*, *espir* e *asumir*. (1 punto)
- 4.- Indica o significado que no texto teñen as seguintes palabras: *matriarcado* (liña 1), *prevalecen* (liña 2), *arreo* (liña 3), *fiar* (liña 4), *videiras* (liña 5). Non son válidas as definicións só con sinónimos. (1 punto)
- 5.- Analiza sintácticamente a seguinte oración: *Un estranxeiro non ten que estar moito tempo en Galicia para decatarse de que é a terra das viúvas*. (1 punto)
- 6.- O galego entre 1936 e 1975. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

BLOQUE III

- 7.- O teatro galego do século XX. Tendencias. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1

PREGUNTA 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para sintetizalo, indicando o tema e unha reescrita que o condense.

PREGUNTA 2: 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 punto

Nas palabras indicadas hai un total de 5 fonemas consonánticos. Valorarase con 0'2 puntos cada un dos fonemas que se defina totalmente ben (indicando os tres trazos de modo de articulación, punto de articulación e presenza ou ausencia de sonoridade).

En caso de que a definición sexa incompleta ou errada nalgún dos seus aspectos non se concederá puntuación por ese fonema.

Os fonemas son os seguintes:

/b/: Oclusiva, bilabial, sonora.

/l/: Lateral, alveolar, sonora.

/m/: Nasal, bilabial, sonora.

/j/: Fricativa, prepalatal (ou postalveolar), xorda.

/r/: Vibrante, alveolar, sonora.

Considerarase igualmente correcta a resposta aínda que non se indique o símbolo fonético adecuado. Será suficiente con que figure o grafema correspondente.

PREGUNTA 4: 1 punto

Por cada palabra ben definida concederanse 0'2 puntos.

Preténdese valorar que o alumnado coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que teña capacidade para explicar este significado. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa. Non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou tradución a outra lingua.

PREGUNTA 5: 1 punto

Valorarase que na análise se perciba a xerarquía dos elementos da oración e as relacións entre os mesmos, por medio da indicación das funcións sintácticas.

As funcións oracionais son as seguintes:

- *Aniñada nos eidos*: Complemento predicativo / Predicativo do suxeito/ Atributo (ou denominacións equivalentes)

- *teces*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes).

- *a inconsútil firmeza do adival que me guía e asegura*: Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes).

- *que me guía e asegura*: Subordinada adxectiva / Subordinada de relativo (ou denominacións equivalentes).

- *que*: Suxeito (ou denominacións equivalentes).

- *me*: Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes)

- *guía*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes). Este verbo aparece coordinado co seguinte.

- *asegura*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes)

PREGUNTA 6: 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre a situación da lingua galega no período comprendido entre os anos 1900 e 1936.

PREGUNTA 7: 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre as tendencias presentes na narrativa galega na etapa de posguerra. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos deste período, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

OPCIÓN 2

PREGUNTA 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para visualizar a súa estrutura.

PREGUNTA 2: 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o que se comenta no texto. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 punto

Valorarase con 0'2 que o alumno ou alumna perciba que o significado desta expresión no texto é equivalente a 'por si mesma', 'pola súa natureza'.

Obviamente non será preciso que o explique con estas mesmas palabras.

Cada un dos catro exemplos que propoña será valorado con 0'2 puntos sempre e cando sexa unha construción correcta, e tamén estea indicado correctamente o significado da expresión. Será necesario que a construción sexa correcta e teña sentido, e que o significado indicado tamén sexa acertado. Se algún dos dous aspectos non é correcto non se lle concederá puntuación a ese exemplo. Como é lóxico, non será necesario que os significados das expresión que se piden sexan diferentes en cada un dos exemplos propostos.

PREGUNTA 4: 1 punto

Por cada palabra pertencente ó campo semántico de 'relacións de parentesco' que se indique concederanse 0'1 puntos. Para que sexa considerada válida unha forma deberá estar grafada sen faltas de ortografía e ser unha forma galega.

Cando se indique a denominación masculina e a feminina do mesmo parentesco, só serán contadas como dúas formas cando a raíz léxica sexa distinta. Por exemplo, *tío* e *tía* serán contadas como unha única forma, mentres que *xenro* e *nora* serán contadas como dúas formas distintas. Non serán aceptadas as formas *nai* e *esposa/esposo*, xa indicadas no enunciado da pregunta.

Non se será especialmente rigoroso en canto ó que se entende por 'parentesco', polo que serán aceptadas formas do tipo *madriña /afillado*, aínda que non sinalen un parentesco en sentido estrito.

PREGUNTA 5: 1 punto

Por cada pronome sinalado do que se indique correctamente a súa función sintáctica concederanse 0'2 puntos.

No texto hai seis pronomes átonos:

- *lle dicir* (liña 2): Obxecto indirecto / Complemento indirecto / Dativo (ou denominacións equivalentes)

- *persuadirse* (liña 5): Aínda que poida ser discutible se estamos ante un pronome átono (e non ante un formante léxico), considerarase válida a consideración deste pronome coa función de Obxecto directo (complemento directo, acusativo ou denominacións equivalentes).

- *dádeme* (liña 7): Obxecto indirecto / Complemento indirecto / Dativo (ou denominacións equivalentes).

- *dareivos* (liña 8): Obxecto indirecto / Complemento indirecto / Dativo (ou denominacións equivalentes).

- *non o será* (liña 8): Atributo / Complemento predicativo (ou denominacións equivalentes).

- *lle han facer* (liña 8): Obxecto indirecto / Complemento indirecto / Dativo (ou denominacións equivalentes).

PREGUNTA 6: 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre o significado dos conceptos indicados, así como sobre as semellanzas e diferenzas que presentan.

PREGUNTA 7: 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre a literatura galega no exilio. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

Ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que

sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

- **Moi graves:** Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.

- **Graves:** Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

- **Leves:** Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Só serán aceptadas as solucións ortográficas marcadas polas vixentes *Normas* do 2003.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1

PREGUNTA 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para sintetizalo, indicando o tema e unha reescrita que o condense.

PREGUNTA 2: 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o que se comenta no texto. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco rixida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 punto

Nas palabras indicadas hai un total de 5 fonemas consonánticos. Valorarase con 0'2 puntos cada un dos fonemas que se defina totalmente ben (indicando os tres trazos de modo de articulación, punto de articulación e presenza ou ausencia de sonoridade).

En caso de que a definición sexa incompleta ou errada nalgún dos seus aspectos non se concederá puntuación por ese fonema.

Os fonemas son os seguintes:

/j/: Fricativa, (pre)palatal (ou postalveolar), xorda.

/ŋ/: Nasal, velar, sonora. Tamén se dará por válido:

/n/: Nasal, alveolar, sonora ou /N/: Arquifonema nasal.

/t/: Oclusiva, dental, xorda.

/b/: Oclusiva, bilabial, sonora.

/θ/: Fricativa, interdental (ou dental), xorda.

Considerarase igualmente correcta a resposta aínda que non se indique o símbolo fonético adecuado. Será suficiente con que figure o grafema correspondente.

PREGUNTA 4: 1 punto

Por cada sinónimo ou antónimo sinalado correctamente concederanse 0'1 puntos. Para que sexa considerada válida unha forma deberá ser unha forma galega estar grafada sen faltas de ortografía.

PREGUNTA 5: 1 punto

Concederase 0'25 por cada fragmento do que se indique correctamente a función sintáctica.

As funcións que desempeñan son as seguintes:

- *que queiramos ser europeos*: Suxeito (ou denominacións equivalentes).

- *nas nosas urbes galegas*: Complemento circunstancial (ou denominacións equivalentes).

- *que*: Suxeito (ou denominacións equivalentes).

- *un aval bancario*: Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes).

PREGUNTA 6: 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre as linguas existentes no estado español, ofrecendo datos sobre o territorio que ocupan e a situación legal na que se atopan.

PREGUNTA 7: 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre as tendencias presentes na lírica galega da segunda metade do século XX. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos deste período, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

OPCIÓN 2

PREGUNTA 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para visualizar a súa estrutura xerárquica por medio da indicación das ideas principais e secundarias.

PREGUNTA 2: 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia

na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco rixida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 punto

Cando o paradigma completo do Presente de Indicativo de cada verbo estea perfectamente indicado, concederanse 0'2 puntos. Cando haxa algún erro nalgunha das 6 formas dun verbo (mesmo cando o erro sexa só ortográfico), non se concederá ningunha puntuación nel.

PREGUNTA 4: 1 punto

Por cada palabra ben definida concederanse 0'2 puntos.

Preténdese valorar que o alumnado coñeza o significado que presenta no texto a palabra indicada e que teña capacidade para explicar este significado. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa. Non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou tradución a outra lingua.

PREGUNTA 5: 1 punto

Valorarase que na análise se perciba a xerarquía dos elementos da oración e as relacións entre eles, por medio da indicación das funcións sintácticas.

As funcións oracionais son as seguintes:

- *Un estranxeiro*: Suxeito (ou denominacións equivalentes).

- *(non) ten que estar*: Perífrase verbal que desempeña a función de Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes). Considerarase válido tanto que o alumno inclúa a negación, xunto co *ten que estar*, como verbo; como que a analice como complemento circunstancial, negación, adverbio...

- *moito tempo*: Complemento circunstancial (ou denominacións equivalentes).

Criterios de Avaliación / Corrección

- *en Galicia*: Complemento circunstancial (ou denominacións equivalentes) ou Complemento preposicional. Aínda que estritamente non se poida considerar correcto, tamén será aceptado que o alumno indique que é Atributo ou Complemento predicativo (ou denominacións equivalentes).

- *para decatarse de que é a terra das viúvas*: Subordinada (adverbial) final (ou denominacións equivalentes).

- *decatarse*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes).

- *de que é a terra das viúvas*: Subordinada completiva de suplemento / Completiva de Suplemento /

Suplemento / Complemento preposicional (ou denominacións equivalentes).

- *é* : Verbo / Predicado / Núcleo do predicado / Cópula (ou denominacións equivalentes).

- *a terra das viúvas*: Atributo / Complemento predicativo (ou denominacións equivalentes).

PREGUNTA 6: 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre a situación da lingua galega no período comprendido entre os anos 1936 e 1975.